

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO TEMPORAL DE COORDINADOR DA OFICINA DE SOFTWARE LIBRE NO CIXUG

Sendo necesaria a contratación para a cobertura dun posto de **Coordinador da Oficina de Software Libre do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicación de Xestión Universitaria** (en adiante CIXUG), no ámbito do proxecto de unificación e coordinación das tres Oficinas de Software Libre das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), resólvese convocar proceso de selección con suxeición ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- a). Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais de algúns dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais de algúns estados ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte un anos ou maiores da dita idade dependentes (artigo 57 EBEP). Quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b). Ter cumplidos dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.
- c). Estar en posesión do título de técnico superior, diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalente. No caso de que o aspirante posúa unha titulación académica estranxeira, para poder participar no proceso selectivo, terá que ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española.

- d). Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e). Non ter sido separado ou suspendido do servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio da función pública.
- f). Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B

2.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Quen deseche participar neste proceso de selección, deberá presentar solicitude dirixida ao Presidente do Tribunal segundo o modelo que figura como anexo desta convocatoria. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, situado na Reitoría (A Maestranza, 15001, A Coruña), no Rexistro Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, situado na Reitoría (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n Santiago de Compostela), no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, Edificio Xerencia - Servizos Centrais, 36310, Vigo, ou nas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán ir necesariamente acompañadas de:

- DNI e *curriculum vitae* debidamente documentado.
- Xustificación específica dos méritos alegados, en particular os establecidos na Base 7.I

A non xustificación documental dos méritos impedirá a súa valoración, sen prexuízo de que o Tribunal poda solicitar canta documentación complementaria estime oportuna para a correcta valoración dos méritos aportados.

Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía.

O prazo de presentación de solicitudes será de 12 días naturais dende a publicación da presente convocatoria. O prazo rematará as 14:00 horas do día 03 de Abril.

3.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

a.- Publicación de lista de admitidos e excluídos

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Tribunal publicará nos taboleiros de anuncios das Reitorías das tres universidades do SUG, e na web: <http://www.cixug.es/> a lista de admitidos e excluídos.

b.- Reparación de defectos

Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listas, os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4.- LISTA DEFINITIVA

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión dos aspirantes, publicarase nos taboleiros indicados no punto 3, a lista definitiva de admitidos e excluídos.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, cando concorran neles as circunstancias previstas nos artigos 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O Tribunal estará composto polos membros que se indican a continuación:

Tribunal

- Secretaria:
 - D. María Lourdes Batán Aira
- Presidente:
 - D. Manuel Mosquera Viso
- Vogais:
 - D. Víctor Carneiro
 - D. Jose Andrés Freire Dapena
 - D. Jose Francisco Rodríguez de la Concepción
 - D. Javier Cobas Bestilleiro

6.- FUNCIONES A DESENVOLVER

Os obxectivos da OSL son os de impulsar o coñecemento e utilización do software libre dende o CIXUG e para as tres universidades do SUG, e van dirixidos ao conxunto da comunidade universitaria: estudiantes, persoal de administración e servizos (PAS) e persoal docente e investigador (PDI). A OSL traballará sempre baixo a supervisión e directrices do Xerente do CIXUG.

O coordinador terá especificamente as seguintes tarefas:

- Responsable da coordinación da actividade nas tres universidades en materia de software libre, coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico, seguindo, para elo os acordos, a través dun convenio, asinados entre o Consorcio e a Fundación.
- Ademais da interacción coas persoas contactos definidas polos directores TIC das tres universidades, responsabilizarse de concretar o plan operativo de accións a desenvolver, liderar e levar adiante a partir do plan anual de actuacións acordado, e en particular, a presentación dos informes de seguimento que correspondan respecto do desenvolvemento dos traballos durante o ano, formar parte da comisión de coordinación técnica, incorporar contidos á web da OSL do CIXUG e colaborar na difusión das actividades e información sempre no ámbito do software libre
- Responsable da asignación directa de tarefas ao persoal técnico que se incorpore ao proxecto, ben mediante contrato ben mediante encargos, para levar a cabo as distintas accións do plan.

Ademais, apoiará labores concretas de execución do plan, xunto co resto de persoal que colabore no proxecto, tales coma:

- Desenvolver as actuacións precisas para promover o uso de aqueles produtos de software libre que se decidan implantar.
- Dar soporte aos usuarios nos produtos que se decidan promover.
- Organizar e participar nos actos (cursos, xornadas, etc.) de difusión do software libre nas universidades.
- Propoñer novas iniciativas para o desenvolvemento do software libre nas universidades.
- Elaborar todos aqueles informes técnicos, funcionais e de calquera outro tipo que lle sexan requiridos para o correcto funcionamento e seguimento da actividade da OSL, contando para elo tamén co soporte do persoal ao seu cargo.

7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A.- Primeira fase: Valoración de méritos

a.- Valoración

Esta fase será cualificada de 0 a 50 puntos desglosados como se especifica a continuación:

- Formación académica, segundo o grao de relación coas funcións do posto:
 - Ata 8 puntos.
- Experiencia acreditada na xestión e coordinación de proxectos TIC:

- Ata 5 puntos.
- Experiencia acreditada na xestión e coordinación de proxectos TIC no ámbito específico do software libre:
 - Ata 12 puntos.
- Coñecementos acreditados en proxectos de software libre relacionados con Sistemas Operativos, Xestión de Bases de Datos, Xestores de contidos, Contornas Gráficas de escritorios, Localización de produtos baseados en software libre:
 - Ata 9 puntos.
- Cursos de formación impartidos no ámbito do software libre:
 - Ata 8 puntos.
- Outros méritos relacionados coas funcións do posto:
 - Ata 8 puntos.

b.- Mínimo esixido

Para pasar á segunda fase deberá obterse un mínimo de 25 puntos.

c.- Publicación e datos de interese

Rematada a valoración de méritos, o tribunal fará pública a puntuación obtida así como o lugar, data e hora de realización da entrevista a aqueles candidatos que alcancen o mínimo esixido na primeira fase.

d.- Presentación de reclamacións

Os aspirantes disporán de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación para presentar reclamacións perante o Tribunal que resolverá nun prazo máximo de 5 días naturais logo de pechar o prazo de reclamacións.

B.- Segunda fase: Entrevista

a.- Valoración

Esta fase será cualificada de 0 a 20 puntos. Nela o tribunal faría preguntas sobre o currículo presentado e terá como finalidade acreditar as competencias e habilidades dos candidatos ao posto seleccionado.

b.- Presentación de reclamacións

Rematada a segunda fase o tribunal fará públicos os puntos obtidos na entrevista e a puntuación total no proceso selectivo. Os aspirantes disporán de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación para presentar reclamacións perante o Tribunal que resolverá nun prazo máximo de 5 días naturais.

8.- PUBLICACIÓN DA PROPOSTA E RECLAMACIÓNS

Rematado o proceso selectivo, o presidente do tribunal elevará ao Consello de Dirección do CIXUC a proposta de contratación do aspirante con maior puntuación que publicarase nos taboleiros de anuncios indicados no punto 3.

O período de duración do contrato será de nove meses, cun cunha retribución total de 22.050 €, proporcional a un importe bruto anual de 29.400 €. A xornada de traballo será de luns a venres en horario a establecer.

A localización física do posto de traballo acordarase co candidato, e será elixida entre as tres cidades onde as universidades galegas teñen sede física principal. Determinada esta localización, o CIXUG únicamente atenderá aos desprazamentos que se precisen, por mor das actividades de coordinación que se determinen, dende esta localización.

O posto de Coordinador da Oficina de Software Libre será incompatible co exercicio de calquera actividade pública ou privada, agás expresa autorización do Xerente do CIXUG para aquelas de contido universitario.

9.- LISTAS DE AGARDA

Cos candidatos que superen a primeira fase do proceso selectivo e non houberan obtido praza, farase unha lista de agarda, para a que terase en conta a puntuación obtida en ámbalas dúas fases do proceso.

En caso de renuncia ou rexeitamento do contrato polo candidato seleccionado, farase uso da lista de agarda tendo preferencia no chamamento os candidatos que obtiveron maior puntuación, no caso de que algún candidato renuncie, decaerá da lista.

Producida a finalización do contrato, o candidato incorporase a lista de agarda segundo a orde de prelación establecida.

A lista de agarda terá vixencia ata a convocatoria dun novo proceso selectivo.

10.- RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

Os currículos presentados para este proceso de selección poderán ser retirados polos aspirantes non seleccionados nas oficinas do CIXUG na Universidade de Vigo, a partir do mes seguinte do remate do devandito proceso, agás que estea afectado pola interposición de recursos. No caso de non retiralos no prazo de tres meses, procederase a súa destrucción.


11.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Corresponde ao Tribunal a interpretación das presentes bases, en particular a aplicación pormenorizada do baremo establecido, así como a valoración dos medios de acreditación dos méritos.

A solicitude de concorrer ao proceso suporá a aceptación incondicionada destas bases.

Asinado

O Xerente do Consorcio



D. Manuel Mosquera Viso

Vigo, 22/03/2013

ANEXO

1.- Modelo de SOLICITUDE DE ADMISIÓN

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO PROCESO SELECTIVO DUN POSTO DE COORDINADOR PARA A OFICINA DE SOFTWARE LIBRE DO CIXUG PARA O ANO 2013

A.- DATOS PERSOAIS

| | |
|-------------------|--|
| N.I.F. | |
| Primeiro apellido | |
| Segundo apellido | |
| Nome | |
| Teléfono Fixo: | |
| Teléfono móvil | |
| E-MAIL: | |
| Endereço | |
| Código Postal: | |
| Municipio | |
| Provincia | |

Esta solicitude acompaña de

| | |
|--|--|
| | CURRICULUM VITAE |
| | DNI/NIE/PASAPORTE |
| | LISTA ESPECÍFICA DOS MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA: |

A solicitude de concorrer ao proceso suporá a aceptación incondicionada das bases que declara coñecer e aceptar.

....., de de 2013

(Sinatura)